

### Cuestionario dirixido ás familias

Debían cualificar as diferentes cuestións desde un valor de 5 (moi de acordo) ata un valor de 1 (nada de acordo); as puntuacións intermedias correspondíanse cos valores numéricos de 2, 3 e 4.

1. Considera que é importante para a aprendizaxe dos nenos que fosen eles mesmos os que realizasen a montaxe da estación?
2. Tendo diferentes modelos de estación (máis simples e máis complexos), cre que lles pode axudar a entender e comparar en que casos os datos son máis fiables e doados de rexistrar?
3. Ter que rexistrar datos de temperaturas e precipitacións axudarlles a entender mellor estas dúas variables do tempo?
4. O feito de que saquen imaxes do estado do ceo permitiralles aprender a distinguir mellor os tipos de nubes que están observando?
5. Realizar os pregóns do tempo (previsións do tempo da fin de semana) polas diferentes aulas permitiralles estar máis motivados cara a aprender conceptos relacionados co tempo?
6. Ao realizar os pregóns cre que se beneficiarán tamén na expresión oral?
7. Na análise dos mapas do tempo deben describir o tempo dun día da semana mirando o mapa correspondente. Facilitarlles isto a mellora na expresión escrita?
8. Opina que é interesante que se poidan publicar os datos obtidos pola estación do centro en MeteoEscolas (MeteoGalicia)?
9. Cre que poder consultar os datos obtidos por outras escolas do mundo que teñen tamén unha estación meteorolóxica que rexistra os datos de maneira automática pode ser un elemento motivador na aprendizaxe do alumnado?
10. Opina que é importante que o alumnado continúe realizando estas actividades en futuros cursos escolares?

### Cuestionario dirixido ao profesorado

Neste caso tamén o baremo de resposta ía desde un valor de 5 (moi de acordo) ata un valor de 1 (nada de acordo); as puntuacións intermedias correspóndense cos valores numéricos de 2, 3 e 4.

1. Considera que é importante para a aprendizaxe dos nenos que fosen eles mesmos os que realizaron a montaxe da estación?
2. Tendo diferentes modelos de estación (máis simples e máis complexos), cre que lles pode axudar a realizar unha comparativa entre os diferentes tipos de estacións e as súas posibilidades?
3. Ter que rexistrar datos de temperaturas e precipitacións axudarlles a entender mellor estas dúas variables do tempo?
4. O feito de que saquen imaxes do estado do ceo permitiralles aprender a distinguir mellor os tipos de nubes que están observando?
5. Realizar os pregóns do tempo (previsións do tempo da fin de semana) polas diferentes aulas permitiralles estar máis motivados cara a aprender conceptos relacionados co tempo (temperaturas, precipitacións, vento, humidade...)?

6. Ao realizar os pregóns cre que se beneficiarán tamén na expresión oral?
7. Na análise dos mapas do tempo deben describir o tempo dun día da semana mirando o mapa correspondente. Facilitaralles isto a mellora na expresión escrita?
8. Opina que é interesante que se poidan publicar os datos obtidos pola estación do centro en MeteoEscolas (MeteoGalicia)?
9. Cre que poder consultar os datos obtidos por outras escolas do mundo que teñen tamén unha estación meteorolóxica que rexistra os datos de maneira automática pode ser un elemento motivador na aprendizaxe do alumnado?
10. Opina que ter as estacións no centro facilita o tratamento dos contidos curriculares relacionados co tempo e o clima?
11. Percibe que o alumnado está máis motivado cara á aprendizaxe destes contidos?
12. Opina que é importante que o alumnado continúe realizando estas actividades en futuros cursos escolares?

#### Cuestionario dirixido ao alumnado

**Nas preguntas 1 (Gústache participar no primeiro trimestre na montaxe da estación meteorolóxica automatizada ou observar como o facía o alumnado de quinto e sexto?), 2 (Gústache ir medir a temperatura de cada día e rexistrala no mural ou gústache facelo se aínda non o fixeches?), 4 (Cres que facendo estes rexistros aprendes mellor o que é a temperatura e as precipitacións e como inflúen no tempo de cada día?), 7 (Cres que preparando os pregóns melloras a forma de expresarte ante os demais?), 8 (Aprendiches cousas novas realizando as análises do mapa do tempo (a lenda do mapa, coñecer mellor o mapa de Galicia, vocabulario que describe o tempo...)) e 9 (Cres que realizar estas actividades che axuda a estudar e ter máis claros algúns conceptos do tempo e clima?), os estudantes debían responder cun si ou cun non. Na cuestión 3 (Paréceche interesante participar no rexistro de precipitacións indo ao pluviómetro comprobar a cantidade de choiva de cada día?), o alumnado debía marcar unha das seguintes opcións: Moi interesante-Bastante interesante-Medianamente interesante-Pouco interesante-Nada interesante. No resto das preguntas, 5 (Gústache recibir as visitas dos pegoiros do tempo na aula os venres?), 6 (Gústache preparar os pregóns para dalos nas diferentes aulas?), 10 (Gústache rexistrar os datos que obteremos na caseta meteorolóxica (terá dentro un termómetro e un pluviómetro) que se porá no centro na páxina de MeteoEscolas onde tamén aparecen os rexistros que fan moitos outros coles de Galicia?), 11 (Paréceche interesante coñecer que outros centros do mundo teñen unha estación automatizada coma a que montamos no primeiro trimestre e poder pórse en contacto co alumnado deses centros?) e 12 (Gústache seguir realizando actividades relacionadas coas estacións meteorolóxicas nos seguintes cursos?), propuxéronse as seguintes opcións de resposta: Moito-Bastante-Pouco-Nada.**

**Táboa 1. Preguntas para a valoración da opinión que lle merece a alumnado, familias e profesorado a realización de actividades vinculadas ás estacións meteorolóxicas**